

# CCOO Federación Servicios



Contra a directiva de tempo de traballo

## Contra a directiva de tempo de traballo

---



Os beneficios da globalización distribuíronse de xeito moi desigual entre países e grupos sociais. Nas últimas décadas asistimos á extensión da democracia por amplas rexións do mundo e a un crecemento económico continuado. Porén, ao mesmo tempo incrementouse a fenda que separa os máis pobres dos máis ricos. As desigualdades acentuáronse entre os países e tamén no seu interior.

---



Esta situación afecta preferentemente aos países en desenvolvemento, pero ten unha repercusión directa sobre os desenvolvidos. Entre eles, as rendas salariais cada vez teñen un menor peso na renda nacional e increméntanse a precariedade, a informalidade e a sinistralidade laborais. Baixo o pretexto da competencia internacional cuestiónanse dereitos sindicais, como está a ocorrer en Europa co gallo da revisión da Directiva de tempo de traballo e coas sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que favorecen o dúmping laboral.

Para dar resposta ao actual modelo económico, a Confederación Sindical Internacional (CSI), que agrupa organizacións sindicais de 155 países (entre elas, CCOO e UGT), decidiu mobilizarse e convocar unha Xornada Mundial polo Traballo Decente para o vindeiro 7 de outubro. Esta xornada ten unha gran relevancia. Por vez primeira convócase unha protesta sindical a escala planetaria. O sindicalismo internacional quere expresar aos gobernos e aos empresarios, ao conxunto das sociedades e ás institucións internacionais e rexionais (como a Unión Europea) a vontade sindical de achegar un novo enfoque á globalización, de responder aos retos impostos pola acelerada interdependencia económica, á transformación das estruturas empresariais, á desregulación, ás deslocalizacións e á ausencia de dereitos sindicais e laborais en moitos lugares do mundo. A Xornada Mundial ten os seguintes obxectivos:

A xeneralización do traballo decente no mundo. Segundo a definición da Organización Internacional do Traballo (OIT), significa traballo con contrato, salario digno, protección social básica e dereitos sindicais (incluído o diálogo social). No noso ámbito, isto implica que:

- Ante as institucións a Unión Europea, xuntamente coa Confederación Europea de Sindicatos (CES), esíxese a modificación radical ou a derogación da Directiva sobre tempo de traballo.

Esta proposta normativa é a maior agresión contra os dereitos dos traballadores e do modelo social europeo desde que se iniciou a integración. Avanza cara a un modelo de relacións laborais máis propio do século XIX ca do XXI.

- Ante o Goberno e as empresas españolas, medidas e políticas para combater a sinistralidade e precariedade laborais e eliminar o traballo non declarado.
- A universalización as Normas Fundamentais Traballo, adoptadas pola OIT. Entre os dereitos recollidos nelas atópanse a abolición do traballo infantil e do traballo forzoso, a eliminación de toda discriminación en materia de emprego e o recoñecemento efectivo da liberdade sindical, da negociación colectiva e do dereito de folga.
- O cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio das Nacións Unidas; oito obxectivos cuantificables que deben acadarse, como moito, en 2015. Os principais son a erradicación da pobreza extrema e da fame, a extensión do ensino primario, a promoción da igualdade entre xéneros e a redución da mortalidade infantil.

CCOO e UGT chaman os traballadores españois a participaren nas accións que se convocarán en moitas cidades e empresas españolas o 7 de outubro de 2008 para celebrar a Xomada Mundial polo Traballo Decente: manifestacións e concentracións en lugares públicos, asembleas e paros simbólicos en empresas e centros de traballo.